



Ornela Fernández Salgado, portavoz do BNG e Xabier Míguez, concelleiro, presentan a seguinte moción para o seu debate e aprobación, se procede, no próximo pleno:

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

O lavadoiro do Xogo da Pía é un ben inventariado municipal situado en Paredes, parroquia de Vilaboa. Foi gravemente deteriorado polo Ministerio de Fomento cando realizou o cambio da conexión da pista das Salinas coa N-550. Daquela, Fomento derrubou o tellado e o Concello de Vilaboa, nunha clara deixación de funcións, permitiu que fose reparado como o ministerio quixo. Nin sequera esixiu o cumprimento da lexislación urbanística galega para que empregase na repación elementos tradicionais como a pedra en lugar de columnas de formigón.

Sen embargo, o máis grave veu despois e agora padécense as consecuencias: o lavadoiro perdeu a auga e, polo tanto, hoxe é un elemento completamente inútil que non cumpre ningunha función.

Ademais, o lavadoiro tamén tiña un uso tradicional como pozo de rega, que era utilizado polos propietarios das veigas alí existentes que actualmente non poden traballalas porque lles falta a auga para os cultivos.

No último ano agrícola e debido ao aumento dos prezos agrícolas dalgúns cultivos como os cereais ou hortalizas, houbo un perceptible aumento da supercie cultivada no noso concello. Desde o BNG consideramos que isto ten unhas positivas consecuencias económicas e ambientais, e cremos que o Concello debe velar polo mantemento das infraestruturas agrícolas como camiños e regos que forman parte do dominio público.

Neste caso, os veciños e veciñas de Paredes non poden facer uso do lavadoiro e pozo de rega pola negligencia do Concello, que non actuou con dilixencia no mantemento e conservación dun ben público.

### **Por todo isto SOLICITA:**

**Primeiro.** O Concello de Vilaboa reparará con carácter inmediato o lavadoiro do Xogo da Pía, solucionando a perda de auga que sufriu.

**Segundo.** O Concello de Vilaboa reclamará os gastos ocasionados ao Ministerio de Fomento como causante do feito.

Vilaboa, 10 de outubro de 2008.

Ornela Fernández Salgado

Xabier Míguez

SR. ALCALDE DE VILABOA